

A MÚSICA ENLATADA EN GALICIA

Da escea electrónica, lévase falando anos, e tamén da súa forza, do seu futuro, da súa potencialidade e do seu poder para cambia uns paradigmas establecidos. Neste intre, no mundo da arte tamén se barallaba a necesidade dun cambio, e algúns artistas e músicos quixeron subirse o carro da "nova corrente", a música electrónica. Fixeron ca ilusión e a certeza de que esta disciplina lles servira de pasaporte, ou máis ben, medio de transporte a outra era. E así, moitos abrazaronse o "tecno" aínda que foxe cun esaxerado "delay", falando cunha linguaxe común, cun "meta-achegamento" espiritual que, ás veces cambiou a vida destes tripulantes, destes novos viaxeiros. Pero deixalo só neste cambio persoal é moi reduccionista porque o movemento foi maior. A música electrónica veu acompañada doutras manifestacións de contemporaneidade, doutros xeitos de vivilo presente, de novas inquedanzas e novas linguaxes: a popularización da informática nos fogares e o internet, os innovadores materiais para a arte, os cambios sociais e políticos (as veces moi criticables e desconcertantes), o achegamento das civilizacións, a globalización, o mercado único, e sobre todo, a volta o "pracer" como paradigma da existencia.

Unha década, a dos noventa, que tivo unha forza semellante a dos sesenta pero que tamén nos fixo palpable unha nova xeración aparentemente vacía de ideas, tanto no campo do social como da política aínda que nas manifestacións contra a LOU ou na recente Folga Xeral, parece que recuperou o espírito crítico do que parecía adolecer. Os noventa ricos en superficialidade, en cor e moda, aderezados cuns sons que cambiaban definitivamente os conceptos musicais tradicionais. Unha forza basta, poderosa e, sobre todo, espontánea que removeu moitos conceptos caducos e que provocou o nacemento e desenrolo doutros agora plenamente asimilados.

¿Qué pasou en Galicia nestes anos?, ¿Cómo nos afectou os galegos esta corrente?, e hoxe...¿Cómo vai a escea electrónica en Galicia?, ¿Integrouse nesta tendencia?.



SINSALaudio Sound System
Festival Braga 2001. Portugal

Imos por partes. O famoso "Verán do Amor" desenrolado no oitenta e oito en Ibiza e nas illas británicas foi o pistoletazo oficial de saída desta corrente e os galegos apenas nos tocou. Salvo raras excepcións, e aínda que nas discotecas empezaban a escoitarse os sons ácidos (música disco repetitiva e centrada no ritmo con liñas de baixo sicodélicas; o Acid House), non foi ata dous anos despois cando a corrente invadía a vida na nosa Comunidade, adquirindo maior relevancia en Vigo. Primeiro achegada ó "Ambente", como casi todas as vangardas, e anos despois popularizándose e convertíndose nun fenómeno social, como no resto da península. Doc Manhattan, Ernesto, Nacho Garrido e algún outro que agora non lembro, foron os mestres de cerimonia, os picadiscos que lanzaban estes sons dende as súas cabinas. Uns anos despois, xa en sincronía co que pasaba no resto do estado, apareceu o fenómeno "tecno", a variante apocalíptica da corrente electrónica. Sons importados do Detroit americano (Plus 8, Underground Resistance) que describían cunha claridade espantosa o estado social deses anos,

sons que tamén absorbeu Vigo, unha cidade con semellanzas os lugares onde se orixinou esta corrente, Detroit e Colonia, cidades que se caracterizan pola importante industria automobilística nelas instalada. Xurdiron salas, clubs e artistas, foi o momento máis álxido desta corrente. Falo dos anos noventa e dous a noventa e oito, aproximadamente. Viktor Flores, Jook, Humaniod, Hands Up!, O Home Xirafa, CMV, A Familia, Kabuto Jr., Prozak, Gauss, Fran Ródriguez, Z-Sense, os selos discográficos Blue Know, Splat, Rio Lagares, os clubs Vademecwm, Zeleste, Óxido, A Capilla. Unha etapa activa que serviu de escola para unha morea de artistas que hoxe traballan arredor da Cultura de Clubs, o caso de Xoán Anleo (Vigo), Humanoid (Lugo), Chiu Longina (Vigo), etc.

Nestes anos, máis preto da cultura institucional e alonxado dos movementos populares, aínda que en consonancia con eles, preséntase en Santiago de Compostela, a través de CGAC a exposición "Poética electrónica. Panorama das músicas electroacústicas 1950/1995", no noventa e cinco como resultado do traballo do Departamento de Audio ou Taller de investigación do CGAC, un dos milagres deste centro de Arte galego. Dirixido por Manuel Rodeiro, en colaboración con Daniel Teruggi, esta exposición presentábanos o estado actual das músicas electroacústicas, a cara culta da electrónica e a máis académica das correntes con ela relacionadas. Colaboracións tamén de figuras tan relevantes dos inicios da música electrónica como Pierre Henry, Francois Bayle ou do mismísimo Stockhausen. Esta exposición pasou desapercibida e non tivo moita influencia na cultura popular electrónica, aínda que foi apoiada polo GRM francés (Groupe de Recherches Musicales), e serviu de semente para o nacemento da que foi a exposición máis popular do CGAC, moi criticada por uns e moi entronada por outros: o Lost in Sound, comisariada por Manuel Olveira. Antes de falar desta exposición, que, sin dúbida, colocou a Galicia no punto de mira de moitas forzas vivas do resto da península, é imprescindible falar doutra exposición moi importante, tamén comisariada por Manuel Olveira, aquí xunto a José Luis Cabo, trátase de "NOVOS CAMIÑOS ameazas e promesas da arte electrónica", na Casa Das Artes de Vigo, dentro do programa do Xacobeo 99. Neste tempo, no noventa e nove, aparece unha nova xeración de galegos fillos ou herdeiros da cultura electrónica, dese detrito social e cultural, dos que falaremos despois. A exposición "Novos Camiños: ameazas e promesas da arte electrónica", achegou a Vigo traballos de Videoartistas e músicos electrónicos representantes da nova linguaxe musical, da Cultura de Clubs. Por mor dunha escasez casi absoluta na nosa terra de ideólogos e teóricos desta corrente, e tamén pola falla de proxectos e colectivos galegos, foi a Orchestra do Caos barcelonesa (Zeppelin, MACBA) a encargada de tratar o espazo musical na exposición. Durou pouco tempo e tampouco tivo a repercusión popular que xa necesitaban proxectos como este (no resto da península xa nacera o Observatori, o Zeppeling, o LEM ou InterZonas, cunha resposta popular impresionante).



LONGINAaudioperformer

QVi Proyect

Voltamos ó Lost In Sound, con Manuel Olveira ao fronte, inaugurouse a finais do ano noventa e nove e rematou en marzo do ano seguinte. O CGAC deixaba que a "baixa cultura", a música popular, entrara polas súas portas. Cun programa impecable e acorde cos tempos que corrian (ata o mismísimo Dj Spooky escribía para Lost In Sound), esta exposición convertiuse na acción máis criticada da historia de CGAC, catapultando o seu comisario ata un

exilio intelectual que todavía padecemos hoxe os galegos e que demostrou o que todos temíamos ou mellor dito, o que todos sabemos: en Galicia o organigrama da xerarquía é totalmente piramidal, non existe un diálogo horizontal da política coa cultura e este feito provoca a huida de moitos artistas e "Culturators" a outras terras máis permisivas e abertas, máis progresistas. O Lost In Sound foi a exposición que realmente conectou co público máis adiantado, máis inquedo e ávido de experiencias musicais de nova xeración. Rexistrou unha media de 300 visitas diarias, e conseguiu meter nun museo de arte moderna picadiscos, V-deiotas e público Cluber, antes que en ningún museo do país. Hoxe Manuel Olveira dirixe o Hangar, un Edificio-Taller no PobleNou barcelonés, un dos organismos máis avanzados na arte electrónica europea.



COLECTIVO FLEXO. IFI 2002



MINUSCULO (Vigo). IFI 2002

Nestes anos, que eu chamo a "terceira xeración da electrónica", tamén aparecen unha morea de persoas que empregan ferramentas moi ligadas á cultura electrónica, artistas que proveñen do mundo do "noventa's pop" e que reflexan nos seus traballos situacións achegadas á música electrónica. É o caso de Salvador Cidrás, Montse Rego, Xoán Anleo, Mónica Alonso, Silvia Argüello ou o colectivo Flexo, todos eles manteñen discursos preto dos soportes actuais: retoque fotográfico Photoshop e Flash -o caso de Salvador Cidrás-; música electrónica ou deiota -o caso de Xoán Anleo e os seus proxectos electrónicos Hands Up!, Dirty Line e Taiwan o lado de Longina audioperformer-; moda, complementos e deseño de mobeis -o caso de Montse Rego e a súa paición pola artista islandesa Björk-; a necesidade e creación de espazos terapèuticos e de descanso, unha idea derivada do concepto de chill-out -o caso de Mónica Alonso-, o traballo co audio como peza de arte única, como protagonista principal, ideas que desenrolou John Cage, un dos pais do movemento electrónico -o caso de Silvia Argüello- ou a volta á Acción como método de comunicación, partindo de movementos como Fluxus ou Zaj -o caso de Flexo, en Pontevedra-.

E chegamos os nosos días.
O estado actual da escea.

Das novas xeracións de músicos (falo de persoas na vintena), o máis destacable neste intre, sobre todo pola cobertura nacional e pola crítica nos medios especializados (Radio 3, RDL, aB, Suite, NEO2, etc) é o trio ourensán Apeirón. Tres xoves de Ribadavia que dende unha pequena aldea, (Quins), convenceron á crítica nacional e ficharon polo selo catalán Fhoen compartindo carteira con proxectos tan íntimos e de calidade como Balago (Sonar 2002). Apeiron é o primer grupo Galego que mezcla o pop tradicional e intimista coa electrónica máis sinxela e efectiva. Pertencen á xeración de músicos desprexuciados que utilizan os aparellos electrónicos de forma natural, uns medios que forman parte da súa traxectoria. Non son advenedizos nin integristas dunha relixión, a do tecno, simplemente teñen a necesidade de transmitir emocións, como casi todos os músicos, e fano dunha maneira tan natural que conseguiron seducir á crítica nacional. Teñen un disco no mercado.



Luis Campos

(Vademecwm/SINSALaudio/Vigo)

Moi achegados os estilos máis tradicionais (rock, pop, bossa nova), e utilizando a electrónica como base e concepto principal, publican discos dous proxectos vigueses cunha longa carreira musical, por un lado o amable e infatigable Juan Rivas (El Devenir del Paraíso. 2002), pai de proxectos "de culto" como Stereoceano, músico positivista que canta ó amor, heredeiro dos acordes de Golpes Baixos, empapado de sons latinos e "calor" mediterráneo e tamén atlántico, que debutou recentemente en Vigo convencendo ó público cunha banda de músicos e un Deiota disparando sons electrónicos. Pablo Iglesias, outro vigués que traballa con aparatos, produciu este disco e, tamén recentemente, o de Kabuto Jr., a outra banda viguesa con proxección nacional que utiliza o Rock máis enerxético como base para desenrolar os seus temas electrificados.

Dende Chantada, o Colectivo Musical Autónomo (Xosé Manuel Sálamo), combina sons tradicionais galegos con electrónica pausada. Pódese dicir que son o primeiro grupo galego de Trip Hop que emprega os ritmos tradicionais na composición das súas pezas. Para ser orixinal debes chegar as tuas orixes.

Dentro do mundo do Pop máis actual, pasado polo filtro da electrónica, destacar o traballo da familia Splat de Santiago de Compostela. Marco e Xavi (Dar Ful Ful), son dous músicos con moita bagaxe no seu haber, que xa convenceron en distintas ocasións á crítica nacional. Siguen traballando dende a súa habitación e sempre sorprenderán cos seus traballos de pop lánquido e intimista. Na escudería Splat tamén publican Traxe de saliva, un cuarteto de ambient-pop moi profundo e dramático que tamén tiveron o seu recoñecemento nas radios nacionais.

Pola outra banda do Pop, a máis superficial e esteta, a da mala leche e actitude nihilista, é imprescindible falar do novo proxecto de Carlos Ordóñez, antes Prozack: Grado 33, un dúo incisivo e directo herdeiro da actitude vacilona dos oitenta e pai de tracks tan polémicos como "Pánico en Manhattan" ou "Depresivo". Publican no selo Autoreverse e case nunca consiguen rematar ben os seus concertos. Enerxía oitenteira con actitude e armas do século vinteun.

O Hip Hop tamén está presente en Galicia. Aínda que hai varios proxectos deste estilo, algún comercial e outros maqueteiros, o que conectou con máis ímpetu coa realidade do estilo foi Coque e A Familia, un colectivo vigués de músicos e artistas (video, graffitti). Publicaron traballos a nivel nacional e representaron en moitas ocasións as "rimas" galegas.

Os Clubes

En todas as cidades galegas hai clubs para bailar, uns con máis calidade na selección de artistas, outros máis experimentais, outros máis comerciais e algúns adicados exclusivamente os sons máis duros. Na Coruña levan ofrecendo "dance" dende hai moitos anos os integrantes do colectivo House Café, un dobre clube (House Café-Telefunken) que teñen ó fronte a dous dos deiotas máis populares do norte, Groovas e Ino, adicados, sobre todo,

os sons novaiorquinos. Estes deiotas xa pincharon en Moscú, Os ángeles ou Novaiorke, e representaron en varias ocasións a Galicia no festival internacional Sónar.

Tamén, na Coruña, a sala Playa Club distínguese pola calidade dos artistas que contrata, é o caso de Howie B., non é un clube exclusivamente, pero programan moitos concertos e deiotas.

En Santiago tamén programan artistas as salas Ultramarinos, _____, e a sala NASA, na que podemos disfrutar do festival SOS, con Victor Nubla, Cornucopia, Walter M e outros proxectos desa calidade e risco.

No camiño entre Vigo e Santiago, abriu as súas portas a sala Optopus, dirixida polos experimentados xerentes da popular "Real" do Oviedo. Esta sala está programando deiotas tan populares como Jeff Mills, Richie Hawtin, Paul Oakenfould, Mulero e demais "deuses" do turtablismo. Nesta liña hai outras salas galegas: Zeuss (A Coruña), Opera (Vigo), Minimal Moon (Vigo), etc.

Si hai algunha sala que merece unha especial atención, xa non so pola súa programación, senón pola súa aposta arriscada e desinteresada, propia dos verdadeiros amantes da música, é o Clube Vademecwm de Vigo, unha sala con oito anos de traballo duro que, a estas alturas, no 2002, xa se considera unha das salas de concertos principais da península (incluo tamén Portugal). Nesta sala poidemos ollar en directo proxectos como Thomas Brikman, Suthek, Monolake, Pole, Set Perlon, Tarwater, Kreidler, Godspeed You Black Emperor, Vladislav Delay (Luomo), Michael Mayer, Manual e un longo etcétera que crece cada semán e que, polo que parece, non vai a ter fin en moito tempo. Os residentes desta sala, Viktor Flores e Nacho Garrido, son dous dos deiotas máis cotizados e respetados.

Esta sala é un dos tentáculos do Colectivo SINSALaudio, que opera dende fai dous anos en Galicia e que aglutina varios proxectos cun fin común, a promoción da música e do son. Un programa de Radio, unha productora, un selo discográfico e un taller de audio son catro dos cinco brazos do colectivo, tamén responsables do IFI, primer Encontro de Arte Sonora e Videocreación da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Traballan arredor do audio como materia práctica e recentemente abriron unha tenda de discos na cidade. Cerca deles están os proxectos máis interesantes e experimentais destas terras: Adaline, Nyda, LONGINAaudioperformer, Sinsal, Minúsculo e algún que manteñen en segredo pero que non dubido que sexa de calidade.



Viktor Flores
(Vademecwm/SINSALaudio/Dogma)

Si hai algunha sala que merece unha especial atención, xa non so pola súa programación, senón pola súa aposta arriscada e desinteresada, propia dos verdadeiros amantes da música, é o Clube Vademecwm de Vigo, unha sala con oito anos de traballo duro que, a estas alturas, no 2002, xa se considera unha das salas de concertos principais da península (incluo tamén Portugal). Nesta sala poidemos ollar en directo proxectos como Thomas Brikman, Suthek, Monolake, Pole, Set Perlon, Tarwater, Kreidler, Godspeed You Black Emperor, Vladislav Delay (Luomo), Michael Mayer, Manual e un longo etcétera que crece cada semán e que, polo que parece, non vai a ter fin en moito tempo. Os residentes desta sala, Viktor Flores e Nacho Garrido, son dous dos deiotas máis cotizados e respetados.

Esta sala é un dos tentáculos do Colectivo SINSALaudio, que opera dende fai dous anos en Galicia e que aglutina varios proxectos cun fin común, a promoción da música e do son. Un programa de Radio, unha productora, un selo discográfico e un taller de audio son catro dos cinco brazos do colectivo, tamén responsables do IFI, primer Encontro de Arte Sonora e Videocreación da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Traballan arredor do audio como materia práctica e recentemente abriron unha tenda de discos na cidade. Cerca deles están os proxectos máis interesantes e experimentais destas terras: Adaline, Nyda, LONGINAaudioperformer, Sinsal, Minúsculo e algún que manteñen en segredo pero que non dubido que sexa de calidade.

Chegamos ó final desta pequena e resumida historia. Son todos os que están, pero non están todos os que son.

Chiu Longina
Publicado no Semanario "A Nosa Terra". Outubro 2002